




PROPIEDADES TEXTUAIS

Adecuación

Coherencia

Cohesión



As propiedades textuais son as características que permiten darlle forma a un texto e que este sexa lexible.

Son a adecuación, a coherencia e a cohesión.

Adecuación

- Variedade lingüística + rexistro e nivel de lingua.

Variedade lingüística	Rexistro lingüístico	Nivel de lingua
Estándar, ou non. (entendido como normativo)	FORMAL / COIDADADO ESTÁNDAR / MEDIO COLOQUIAL / INFORMAL	CULTO MEDIO POPULAR / VULGAR

- Segundo:
 - *Intención do emisor. Informar, convencer, ordenar...*
 - *Tema. Descrición científica vs. historietas de humor.*
 - *Destinatario. Nenos, adultos, amizades, descoñecidos...*
 - *Soporte ou canle. Papel, electrónico...*

EXERCICIO 1

Coherencia

- Selección e organización da información.
- Axuda a percibir os contidos con claridade.
- Factores:
 - *Cantidade e claridade da información.*
 - Seleccionada previamente, relevante, non repetitiva e con riqueza léxica e expresiva.
 - *Organización.*
 - En parágrafos (conxuntos de cláusulas e oracións que desenvolven un tema, separados por puntos e á parte) que fan referencia a unha idea central e tratan os temas e subtemas necesarios.
 - *Falta de contradicións.*
 - Non debe haber contradicións entre as ideas expostas.

EXERCICIOS

2 e 3

Cohesión

- Fai que os elementos que compoñen o texto estean ben relacionados a través dos **mecanismos de cohesión**.
- Os **mecanismos de cohesión** dotan o escrito de concordancia textual a través de ligazóns gramaticais e de significado.
- Os principais mecanismos son:
 - *Repetición de palabras.*
 - *Substitución de palabras*
 - por medio de sinónimos, hiperónimos, pronomes, adverbios, circunloquios, elipses.
 - *Deíxe*
 - de persoa, espazo e tempo, por medio de pronomes persoais, determinantes, adverbios e verbos.
 - *Puntuación.*
 - *Nexos ou conectores.*

Mecanismos de cohesión

■ Repetición de palabras:


- *Emprego reiterado dunha mesma palabra nun texto.*
- *Cando o concepto é importante para o texto, pódese e débese repetir, pero sen caer na redundancia.*

■ Substitución de palabras (para evitar a redundancia):

- *Por sinónimos (“A escritora gañou o primeiro premio; a autora declarou estar moi contenta co galardón”).*
- *Por hiperónimos (“Gústanme os cans porque son animais obedientes”).*
- *Por pronomes (“Saudei a Clara, pero ela non me viu”).*
- *Por adverbios (“Quero volver a Boiro, alí hai boas praias”).*
- *Mediante circunloquios ou equivalentes (“Quero que chegue a primavera, a estación das flores gústame”).*
- *Mediante elipses (“Teño 15 anos e ela 14, e ti?”).*

■ Deíxe

- Os **deícticos** fan referencia a persoas, espazos e tempo dun acto comunicativo concreto.
- Estas referencias podémolas comprender porque coñecemos as realidades ás que aluden.

 <p>ULTIMAMENTE SÓ FAI COMER E DURMIR DEITADO AÍ ENriba.</p>	<ul style="list-style-type: none">▪ <u>De persoa</u>: mediante pronomes persoais, posesivos ou os MNP dos verbos.▪ <u>De espazo</u>: mediante determinantes e adverbios de lugar.▪ <u>De tempo</u>: mediante adverbios de tempo e os tempos verbais.
--	--

■ Nexos e conectores textuais

- *Establecen relacións de significado entre frases, cláusulas e oracións (nexos) e entre enunciados a nivel do texto (conectores textuais).*
- *Preposicións, conxuncións, adverbios e locucións.*
- *Tipos:*
 - Conectores aditivos (engaden información): ademais, tamén, así mesmo, amais...
 - Conectores opositivos (opoñen información): non obstante, porén, pero, mais, aínda así...
 - Conectores causais ou consecutivos (expresan causa e consecuencia): así que, así pois, xa que logo, daquela, polo tanto, por iso...

- De espazo e de tempo

- *Os de espazo introducen relacións espaciais: enfronte, diante, arriba, ó fondo, á esquerda, por riba...*
- *Os de tempo introducen relacións temporais, que poden ser*
 - de anterioridade: antes, moito antes, anteriormente...;
 - de simultaneidade: agora, actualmente, mentres...;
 - de posterioridade: despois, máis tarde, así que...;
 - reiterativos: sempre que, cada vez que...;
 - outros: ás veces.

- Organizadores ou marcadores do discurso.
 - *Para introducir o tema*: en primeiro lugar, en principio, para comezar, o primeiro que...
 - *Para continuar*: despois, ademais, así mesmo...
 - *Para iniciar un novo tema*: en relación con, tocante a, canto a...
 - *Para distinguir ou esablecer correspondencias*: por un lado, polo outro; por unha banda, pola outra... [ESTES SEMPRE DEBEN APARECER OS DOUS]
 - *Para explicar ou exemplificar*: isto é, noutras palabras, por exemplo...
 - *Para resumir*: en resumo, en poucas palabras, en conxunto...
 - *Para concluír*: en conclusión, para finalizar, así pois, xa que logo...

EXERCICIOS 8, 9 E 10